

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 3 de abril de 2024 pola que se fixa a data, a hora e o lugar para realizar o sorteo para determinar a orde de actuación das persoas aspirantes para os procesos selectivos de ingreso que se realicen durante o ano 2024 e que non teñan asignada letra nas bases de convocatorias previas

De conformidade co establecido na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, cómpre realizar, previamente á convocatoria dos procesos de selección e con validez para todos eles, o sorteo público en que se determinará a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección de emprego público do Parlamento de Galicia que se realicen durante o ano 2024 e que non teñan asignada letra nas bases de convocatorias previas. O resultado do sorteo debe recollerse en cada convocatoria.

En consecuencia, esta presidencia resolve realizar o mencionado sorteo en acto público o día 8 de abril de 2024, ás 10.00 horas, na Sala Rosalía de Castro do Parlamento de Galicia.

Esta resolución publicarase na páxina web e mais no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

